

DECRETO

Visto o informe-proposta do xerente do 18/09/2023 que literalmente transcrito di:

“

INFORME-PROPOSTA

De acordo cos antecedentes que se recollen a continuación, **PROPONSE** aprobar a seguinte

«ADDENDA

ÁS BASES E CONVOCATORIA DO CURSO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS E ESPACIOS ACUÁTICOS NATURAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (código CFES – IEAN)

No BOP nº 151 do mércores, 9 de agosto do 2023, publicáronse as 'BASES E CONVOCATORIA DO CURSO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS E ESPACIOS ACUÁTICOS NATURAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (código CFES – IEAN)', convocado pola Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

O prazo para presentación de instancias rematou o 22/08/2023, e o 28/08/2023 publicouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas á proba de piscina descrita na base 3ª das que rexen esta convocatoria, outorgándoseles ás persoas interesadas 10 días hábiles para a subsanación das súas solicitudes.

Unha vez rematado o prazo para subsanacións o 11/09/2023, e realizadas ás correccións pertinentes á listaxe provisional, obsérvase que o número total de persoas aspirantes inscritas nesta convocatoria ascende a 108, das cales reúnen os requisitos para a súa admisión 104.

Esta cifra supón máis do dobre de convocatorias anteriores, polo que non puido ser prevista á hora de deseñar as bases, a 6ª das cales establece que:

“VALORACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

O curso consta dun máximo de 25 prazas.

Os aspirantes accederán ás prazas pola orde obtida na proba específica de piscina de menor tempo en diante.”

Tendo en conta, dunha banda, a grave escaseza de socorristas, que conduce a que os efectivos presentes nas praias sexan moi inferiores aos necesarios ou mesmo inexistentes, e doutra o número de prazas ofertadas na convocatoria (25), e visto o número de persoas aspirantes, dedúcese a evidente insuficiencia das prazas que se ofertan, polo que resultaría conveniente duplicar o número destas para manter a proporción entre prazas e número de persoas aspirantes,

en atención a que se trata dunha cuestión urxente de seguridade pública; de xeito tal que se prevé organizar dous cursos en vez de un.

Por todo o anterior, establécese unha nova redacción da base 6ª, que quedaría do seguinte xeito:

“VALORACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

O curso consta dun máximo de 50 prazas.

Os aspirantes accederán ás prazas pola orde obtida na proba específica de piscina de menor tempo en adiante.”»

”

Vista a anterior proposta, **APRÓBOA** nos seus termos.

Ferrol, na data da sinatura electrónica,

O presidente da Mancomunidade,

José Manuel Rey Varela

Ante min, a secretaria da Mancomunidade,

Paula Mª Vázquez Carrasco